



Miguel Anxo Fernández Lores:

## “Estou orgulloso da participación dos veciños e das veciñas”

Páx 2-3

**PONTEVEDRA:**

Valoración do 1º ano de goberno do novo mandato

Páx 4

**PONTEVEDRA:**

- Avances para a construción do novo Montecelo
- O SERGAS autoriza integrar o hospital provincial na nova praza

Páx 5

**PONTEVEDRA:**

- **Lourizán:** licitado o acceso á Carballeira
- **Santa María de Xeve:** Próximo asfaltado da pista de Mauzo

Páx 6

**PONTEVEDRA:**

Ponte Verde

**BARRO / DEPUTACIÓN:**

Exposición Bandas de Música

Páx 7

**ACTIVIDADES:**

- Mirando ao mundo
- Actos previos á marcha contra celulosas
- Cantos de Taberna
- Sanidade e xubilad@s
- Documental: cantando a Manuel María
- Tomeza: visita do alcalde aos accesos á Ponte da Condesa

**CONTRACAPA**

4 de xuño: Marcha contra Celulosas





## Valoración do primeiro ano de mandato

# Lores: “Levamos un ritmo altísimo de traballo”

O alcalde de Pontevedra, Miguel Anxo Fernández Lores fixo o pasado sábado unha valoración dun ano de mandato que resumiu como un ano de goberno positivo, cunha actividade intensa acompañada pola colaboración veciñal.

Fronte a esta situación, a decepción da oposición que non asume a derrota electoral.

Comezou a súa valoración facendo unha radiografía da situación da que partía o BNG o 25 de maio de 2015. “Era unha situación complicada porque o BNG estaba á baixa e podía afectar á forza política incluso nas eleccións municipais, por iso tiñamos a necesidade de dar un novo impulso en política municipal, especialmente nesta situación de crise económica moi dura”.

“A oposición tiña expectativas de sacar un bo resultado, que non foi posible. De aí que non asuman a derrota. Nós non sacamos a maioría absoluta, pero si fomos a forza máis votada, e cunha maioría moi próxima á absoluta”, explicou Fernández Lores.

Con esta situación, o alcalde explicou que “a min me gustaría que houbera unha maioría que permiti-

se gobernar con máis tranquilidade, pero non é posible”. E ao mesmo tempo resaltou que “hai tantas diferenzas de plantexamentos e de modelo que fai imposible que haxa acordo con ningunha forza política”.

## “Decepcionoume a oposición: ataca sempre as liñas básicas do Modelo Pontevedra”

Fernández Lores valorou o primeiro ano do Goberno “como moi positivo” no que se fixo o esforzo de profundar na participación cidadá. “Hai unha actividade intensa de contacto directo cos veciños, e valoro positivamente ese acompañamento dos veciños e veciñas, esa complicidade e colaboración que aparece no eido da vida municipal colaborando co goberno local”, resaltou o alcalde.

Tamén manifestou que neste ano houbo un “ritmo altísimo de execución de proxectos” como o dobre da avenida de Vigo, a praza do Hospital, Pasarón, os

Campos, importantes investimentos en rede separativa como no Gorgullón, na praza de Galicia, Andrés Muruáis... Obras en todos os barrios e parroquias, algunhas rematadas, outras iniciadas, proxectadas, ou en contratación como o saneamento de Gafos, o saneamento de Mourente... en materia deportiva -un eixo fundamental neste novo mandato- estanse a redactar proxectos de campos de herba sintética, dun novo pavillón deportivo, mellora do Pavillón Municipal, obras nas piscinas... “Este ano temos que valoralo positivamente e imos seguir traballando nesta liña”, concluiu Fernández Lores.

## Unha oposición decepcionante

Fronte a esta opinión, o alcalde de Pontevedra entente que “o comportamento da oposición é decepcionante”. Sostén que toda a súa defensa da participación cidadá “son tópicos e formalidades”, e caracterízase por “poñer paus na roda en temas fundamentais” como pode ser a compostaxe ou en asuntos xa superados como a ordenanza de circulación ou a comisión de planeamento.

Quixo deixar claro que “mentres eu sexa alcalde, imos gobernar, por-

que temos un proxecto de cidade respaldado por grande parte da cidadanía e non imos parar esteritmo alto de traballo”.

No seu balance de un ano de Goberno tamén abordou a relación coas outras tres administracións: Deputación, Xunta e Goberno Central.

Sobre a Deputación destacou o respecto mútuo institucional que se traduce en colaboracións que se irán materializando proximamente, e tamén na idea de pór en valor, promover e proxectar a cidade e as Rías Baixas cara ao exterior.

Sobre o Goberno Central, Lores apuntou unha relación de luces e sombras “porque se están a exeuctar ou se executaron cousas importantes: desdoblamento da avenida de Vigo, o Pino, o paseo a Marín, o nó de bombeiros, a estrada de Ourense, ou parte da circunvalación co tramo Vilaboa-Ermida”. Sobre este último punto, respaldou a construción desta circunvalación como obra “necesaria, imprescindible e demandada

pola maioría da cidadanía. Coa desgraza que houbo en Moaña estes días pasados, amosouse que é imprescindible unha vía de alta capacidade que una o norte e o sur da provincia porque non podemos depender só da Ponte de Rande”.

Asegurou que “respectando os dereitos dos veciños e o medio ambiente, é unha circunvalación necesaria”.

A parte negativa das relacións co Goberno Central foi a decisión de prorrogar Ence. “Máis ca unha sombra, isto é unha friaxe”, aseverou.

Tamén destacou o mal comportamento da Xunta de Galicia cara Pontevedra. “Foron sete anos de ausencia, e agora en época preleitoral aparecen proxectos, cámbiase de opinión. Eu son inxenuo e teño a esperanza de que algúns proxectos sexan unha realidade e se executen porque están demandados historicamente pola cidade: un hospital único decente, o sanamento da ría ou mellorara a rede viaria. Espero que se cumpran”, concluíu Lores.

## O BNG volve levar ao Parlamento a fusión de concellos

A parlamentaria do BNG, Montse Prado ven de formular unha pregunta na comisión de Administración Xeral sobre si as fusións dos concellos galegos resoven os problemas de tipo económico derivados do financiamento local e a “demografía esmorecente” que padecen.

Na súa intervención, fixo referencia ao proceso de fusión dos concellos de Cotobade e Cercedo acordada polo PP o pasado 3 de marzo, baixo o argumento de aumentar o número de habitantes, Cercedo con 1.828 e Cotobade con 4.332 co fin de compartir determinados servizos a pesar, dixo, de que son concellos que “non comparten nin sequera partido xudicial”, xa que Cotobade pertence a Pontevedra e Cercedo a A Estrada.

Por outra parte, a deputada lembrou que o grave problema destes concellos é a crise demográfica, o abandono da mocidade por falta de traballo e os escasos investimentos cos que contan, xa que os ingresos son moi inferiores aos doutras comunidades do Estado. “Os concellos de Madrid, afirmou, ingresan 350 euros por habitante mentres os concellos galegos só reciben 212” polo que preguntou que previsión ten a Xunta para unha Lei de réxime local que permita unha financiación adecuada.

A política do PP a respecto do mapa territorial administrativo, “é un cachondeo porque así como din unha cousa din a contraria”, en palabras da deputada do BNG, e se fosen serios traerían ao Parlamento unha ordenación do territorio coa optimización de recursos das fusións, un Mapa comarcal e cal será a prestación de servizos e aforro, e facelo antes para que todos os concellos e veciños e veciñas soubesen a que aterse. Que en dous concellos gobernen alcaldes do PP, engadiu, non é xustificación para unha fusión, detrás debe haber consenso e estudos así como información sobre a mellora de servizos e medidas para que a situación “demográfica esmorecente dos concellos” poda cambiar. Enriba da mesa, remarcou a nacionalista, “non hai nada diso”.

ENCONTRO ABERTO

# NON Á FUSIÓN

COTOBADE-CERDEDO

**DOMINGO 29 ÁS 19 H.**  
**CASA DO POBO DE TENORIO**

Coa participación de:

**Anxo Santomé**

Responsábel Local do BNG en Cotobade

**César Mosquera**

Vice-Presidente da Deputación

**Luís Bará**

Cabeza de lista do BNG ao Congreso



Montse Prado concluíu a súa intervención lamentando que o Partido popular utilice as fusións dos concellos como “o Guadiana” que aparecen e desaparecen por lexislatura e que a fusión de dous concellos con 30.000 qm cadrados e 187 núcleos de po-boación non se van beneficiar, nin terán mellores servizos.

## Avances para facer realidade o novo Montecelo

A tenente de alcalde e concelleira de Urbanismo, Carme da Silva explicou que o alcalde, ela mesma e o concelleiro de Infraestruturas, César Mosquera están a manter reunións co conselleiro de Sanidade, Jesús Vázquez Almuíña, e os técnicos do

Sergas, para seguir afondando no convenio de ampliación do Hospital Montecelo.

Explicou que se traballa nun borrador de convenio no que deberá quedar claro que a xestión do futuro

Montecelo será totalmente pública.

Ademais, tamén se aclarou a figura urbanística pola que se procederá a ampliar a actual sede sanitaria: será a través dun proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, o que implicará que quedará exento de licenza e pago de ICIO. Esta figura urbanística é a máis axil para pór en marcha un proxecto desta envergadura.

Neste convenio o Concello comprométese a achegar 4 millóns de euros para pago de terreos e urbanización.

“Temos a vontade de colaborar para que o proxecto de Montecelo sexa unha realidade o antes posíbel, xa que é o proxecto que se defendeu dende o Concello e dende toda a sociedade de Pontevedra”, explicaba Carme da Silva quen concluíu que o hospital “é un prioridade para o Goberno Local”.



## O SERGAS autoriza ao Concello a integrar o hospital provincial e a praza recentemente construída

O Sergas remitiu ao Concello a autorización para poder actuar diante do Hospital Provincial e ampliar a actual praza cara a fachada do histórico edificio. O concelleiro de Obras Urbanas, Luís Bará explicou que estas obras son froito das negociacións emprendidas co Sergas nestes meses o que amosa a boa sintonía entre ambas administracións neste proxecto.

Segundo explicou o concelleiro, a obra terá un custe de 59.000 euros e implica a reformulación do peche do Hospital, que se rebaixará até convertelo nun banco de pedra (con superficie de madeira). Luís Bará informou que este banco virá a suplir as necesidades de bancos na praza, que empezan a quedar escasos ante a gran afluencia de xente, especialmente polas tardes.

Tamén está previsto unha nova pavimentación con formigón barrido negro nas subidas á porta principal do Hospital así como reparar as escaleiras principais que presentan panos en mal estado. Serán substituídos por lousas de pedra. O propósito é unificar a praza coa fachada do Provincial.

Ademais, está previsto o traslado da caseta de transfusión de sangue ao estacionamento do Hospital situado

ao carón das Urgencias. Manterase o quiosco de revistas e tamén toda a disposición da zona verde.



## Lourizán: Licitado o acceso á Carballeira dende o colexio, que incorpora limitación de velocidade e calmado do tráfico



O Concello acometerá de xeito inmediato as obras do acceso a Carballeira dende o colexio, do que está a un quilometro de distancia aproximadamente. Esta actuación suporá un investimento de 235.000 euros para a parroquia de Lourizán.

As obras foron adxudicadas a EC Casas e os traballos comezarán no prazo de dúas semanas.

El concelleiro delegado da parroquia e coordinador do Rural, Demetrio Gómez, visitou a zona cos veciños e veciñas aos que lles informou do proxecto e adxudicación. Con eles percorreu a zona co fin de que os propietarios fixeran as aportacións puntuais co obxectivo de telas en conta a hora de acometer os traballos.

A obra do acceso a Carballeira incorpora medidas de calmado de tráfico, a sinalización da zona con velocidade 30 e a canalización das pluviais en superficie, a través das vías tradicionais de escorrentía e as cunetas.

Demetrio Gómez valora a boa acollida que ten entre a veciñanza o proxecto -incluído nas propostas do Consello parroquial- e agradece as suxestións feitas polos propietarios xa que eles coñecen ao detalle o trazado

**Demetrio Gómez valorou positivamente a colaboración do vecindario para posibilitar esta importante obra de 235.000 euros**

## Santa María de Xeve: Próximo asfaltado da pista de Maunzo que une Santa María e Santo André de Xeve

A concelleira delegada de Santa María de Xeve, Pilar Comesaña reuniuse co consello parroquial co fin de informar á veciñanza das próximas actuacións que acometerá o Concello de xeito inminente e a curto prazo. E ademais, como sempre, recolleu suxestións dos asistentes para seguir avanzando na mellora da contorna e da calidade de vida dos residentes.

As obras que comezarán de inmediato na parroquia son as seguintes:

- Ancheamento da pista e construción de muro nos Fontáns
- Ancheamento e construción de muro na Costiña de Xeve
- Construción de cuneta en Cons.

Pilar Comesaña informoulles tamén do inicio a curto prazo dunha obra cualificada de "importante e priorita-

ria" tanto polos veciños e veciñas como polo Concello. Trátase do asfaltado completo e o arranxo e construción dos muros de contención necesarios da pista de Maunzo, a vía interparroquial que comunica Santa María e Santo André.

Por outra banda, a concelleira informoulles tamén de que os técnicos están na recta final da elaboración do proxecto de campo de fútbol de Santa María e a piques de chegar ao concello. Cando chegue comezará de inmediato a tramitación.

Os representantes veciñais aproveitaron a xuntanza coa concelleira para facerlle novas suxestións e propostas



para a zona como distintas obras menores, que serán atendidas a curto prazo pola brigada municipal. Trátase do arranxo de danos e o bacheo de diferentes tramos da rede viaria. Os desperfectos foron causados polas abundantes e intensas chuvias dos últimos meses. Os veciños tamén pediron melloras na sinalización da parroquia.

## Exposición sobre as Bandas de Música na sala de exposicións da Casa do Concello de Barro

A mostra 'Bandas de Pontevedra. Homenaxe ás bandas da provincia' xa pode visitarse na Sala de Exposicións do andar superior da Casa do Concello de Barro. Esta exposición inclúese no programa de actividades culturais do Ano Castelao da Deputación, para por en valor a riqueza cultural destas agrupacións musicais e, en particular, as dos concellos nas que se expón. O deputado provincial de Cultura, Xosé Leal, acompañado pola deputada e responsábel comarcal do BNG, Eva Vilaverde, visitou a mostra onde felicitou ás dúas bandas de música deste concello polo seu labor e traxectoria, e moi especialmente á Banda Xuvenil da que asegurou que "é unha das máis solicitadas a través do Pontegal".

Xosé Leal sinalou que "cando se pensou, no marco do programa do Ano Castelao, seguir levando esta exposición pola provincia, un dos primeiros sitios nos que pensei foi neste concello porque xa era coñecedor da proxección da Banda Xuvenil de Barro". O deputado provincial asegurou que a traxectoria e a sona desta Banda Xuvenil "converte a Barro nun sitio de referencia para esta mostra". Leal lembrou que "o que ten de especial esta exposición é o espazo que se habilita dentro da mesma para amosar pezas e material das bandas da localidade". Neste sentido, a Banda Xuvenil de Barro conta na mostra con dúas vitrinas con material propio, composto basicamente por trofeos e premios que dan conta da boa marcha e do éxito desta agrupación musical.



Pola súa banda, o alcalde de Barro, Xosé Manuel Fernández Abrales, agradeceu á Deputación que levase a mostra á localidade e tamén fixo fincapé na labor da Banda Xuvenil "que non só leva anos acadando premios por todo o país, por todo o Estado, e tamén con proxección internacional, senón que tamén leva anos exportando músicos fóra do noso concello". O rexedor asegurou que "é un orgullo contar cun proxecto como o da Banda Xuvenil" e salientou o valor "do traballo das familias, de pais e nais que foron capaces de montar una entidade coma esta que transmite aos rapaces e rapaces, aos que se forman agora pero tamén aos que xa se formaron, a paixón pola música e pola tradición cultural".



## Ponte Verde: rutas de senderismo para animar á práctica da actividade física

Fomentar a actividade física e a práctica do deporte e coñecer as parroquias. Con este dobre obxectivo a Concellería de Deportes en colaboración coa Sociedade Ximnástica pon en marcha Ponte Verde, un proxecto de andainas polo rural pontevedrés que nace con vocación de continuidade. Ademais os roteiros quedarán sinalizados para que calquera poda facelo, a partir de cada cita, cando o desexe.

En total serán catro andainas ao ano: dúas en primavera e dúas no comezo do outono.

A primeira andaina será domingo 29 de maio. Sairá da Illa do Covo e o itinerario levaranos a Bora. É unha ruta de algo máis de 12 quilómetros, de dificultade media-baixa.

A marcha sairá ás 10 horas e terá unha duración aproximada de tres horas.

Cada andaina irá precedida dunha conferencia no local veciñal da zona de percorrido.

Neste primeiro caso, a charla será no centro cultural de Monte Porreiro o luns, 23 de maio, ás 19.30 horas. O obxectivo da charla é informar sobre o roteiro a facer, sobre os equipamentos idóneos e sobre a práctica da actividade física.

Ponte Verde reunirá en cada andaina un máximo de 100 persoas. Varios monitores acompañarán a marcha para adaptarse aos ritmos dos participantes. A inscrición é por orde de chegada e pode facerse na web.

Toda a información e descarga de formularios de inscrición en:

<http://ponteverde.pontevedra.gal>

## ACTOS PREVIOS Á MARCHA DO DÍA 4

### Mesa Redonda

Venres 27 ás 20 h. no IES Valle Inclán,  
con Fins Eirexas e Andrés Ruano

### Repartos

Todos os días laborais ás 18:30 h. no  
local da APDR

### Coladas

Todos os días laborais ás 20:30 h.  
no local da APDR



## OUTRAS ACTIVIDADES

### Proxección do documental “Cantando a Manuel María”

Mércores 25 ás 20 h. na Casa das Campás

### Tomeza: Visita do Alcalde aos accesos á Ponte da Condosa

Xoves 26 ás 20 h.



## “Mirando ao mundo: un espazo de debate e reflexión sobre conflitos internacionais”

“Mirando ao mundo” nace como un espazo de reflexión e debate sobre temas de actualidade dos que temos un coñecemento superficial e que moitas veces non teñen cabida, ou teñen moi pouca ou puntual, e con vontade de continuidade. Nestes termos fala a concelleira de Benestar Social e Igualdade, Carmen Fouces, do ciclo de conferencias “Mirando o futuro” que será inaugurado o próximo martes, 24 de maio, coa conferencia-debate “Os refuxiados. Xeopolítica dunha crise”. A charla estará a cargo da profesora Nazanin Armanian, investigadora e docente da UNED.

A súa conferencia permitirá coñecer o contexto xeopolítico polo que transita o drama humanitario da persoas refuxiadas, a dinámica de conflitos como o de Siria e as súas consecuencias na configuración dos presumibles cambios que se anuncian dentro de Oriente Medio e colateralmente da contorna mediterránea.

“Mirando o futuro” é froito da colaboración do Cello de Pontevedra co Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional, IGADI ([www.igadi.org](http://www.igadi.org)), que este ano cumpre o seu 25 aniversario.



## CONFERENCIA: Situación da sanidade ao respecto do colectivo de xubilados e xubiladas

por **Manuel Moreira**  
(Secretario Comarcal da CIG-  
Saúde en Vigo)

Xoves 26 de maio ás 20 h.  
**Centro Sur**  
(antiga residencia da ONCE)

# MÓVETE POLA RÍA!

## SANEAMENTO INTEGRAL!



## NON Á EUCALIPTIZACIÓN!

SÁBADO, 4 DE XUÑO ÁS 19:30  
SAÍDA DAS ALAMEDAS DE MARÍN E PONTEVEDRA



PLATAFORMA ENCE FÓRA, GAL



FEDERACIÓN ECOLOXISTA GALEGA